

# N

**TURGALICIA**  
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 164 1-7 XULLO '08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

**902 200 432**

ou no fax:

**981 542 659**



[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: [imaxenova@imaxenova.com](mailto:imaxenova@imaxenova.com)



## BO TRATO AO TURISTA

**TURGALICIA** presenta o xoves unha campaña publicitaria para fomentar entre a poboación galega actitudes proactivas cara ao Turismo

O director xeral de Turismo, Rubén Lois, e o director-xerente da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**, Xesús Pereira, presentarán o vindeiro xoves, día 3 de xullo, ás 12:30 horas, na sede da Sociedade de Xestión do Plan Xacobeo (Pavillón de Galicia-San Lázaro) a campaña de sensibilización en materia turística que se desenvolverá ao longo do mes de xullo nos principais medios de comunicación audiovisuais e escritos de Galiza, ao obxecto de promover actitudes positivas dos cidadáns en xeral e do sector hostaleiro galego en particular de cara aos turistas que visitarán Galiza ao longo do verán.

Esta campaña, que conta cun orzamento de 520.000 euros, entre creatividade e plan de medios, tentará concienciar a poboación galega sobre a importancia de coidar todo o relacionado co Turismo, coma unha das fontes de ingresos máis importantes para a economía galega na actualidade.

A campaña, baixo o lema "Galiza é como ti es", ten



como protagonistas aos propios galegos no ámbito xeral e tamén aos profesionais do sector turístico. Nela móstranse imaxes de relacións humanas respetuosas e actitudes positivas co contorno.

### Boa imaxe turística

Téntase deste xeito concienciar aos que desenvolven a súa actividade profesional ao carón do Turismo sobre a necesidade de estreimar o coidado das relacións cos turistas para manter a boa imaxe turística da que goza Galiza no exterior, así como de transmitir a idea de que a actitude das persoas dentro do propio

destino pode influír, tanto positiva como negativamente, na imaxe turística do País.

A creatividade de "Galiza é como ti es", a cargo da axencia de publicidade Luis Ferreira Asociados, de Santiago de Compostela, busca a complicidade dos galegos con Galiza como destino turístico e para conseguila lanza distintas mensaxes: "cando a coidas, cando sorrís, cando a protexes ou cando es amable, compartes o mellor de Galiza, o mellor de ti". Trátase así de facer Galiza un destino "inesquecible" a través das actitudes positivas cara ao propio País.